

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 28 DE MAIO DE 2014.**

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTE:**

D. Manuel Cuíña Fernández (PSdeG-PSOE)

**CONCELLEIROS:**

Dª. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)  
D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)  
Dª Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)  
Dª María del Pilar Peón Iglesias (PSdeG-PSOE)  
D. Luis Rodríguez Vázquez (PSdeG-PSOE)  
Dª María Jesús Penela Mato (PP)  
D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)  
D. José Luis Espiño Espantoso (PP)  
Dª Marta López Arines (PP)  
D. Luis Juan Arceo López (PP)  
D. Manuel Asorey Suárez (PP)  
D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

**SECRETARIA XERAL**

Dª. Berta Alonso Soto

**INTERVENTORA**

Dª. María Jesús Piñeiro Bello

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e dous minutos, reúnense en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sra. Alcaldesa-Presidenta aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

**ORDE DO DÍA**

**URXENCIAS**

O Sr. Alcalde explica que hai unha proposta de urxencia de data 28 de maio de 2014, explica que houbo un Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, de 24 de abril de 2014, para a modificación de determinadas condicións financeiras das operacións de endebedamento subscritas con cargo ao mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, estableceu tres paquetes de medidas ás que se poden acoller as entidades locais que formalizaron préstamos no marco da primeira fase do mecanismo de pagos a

proveedores, que se regulou mediante o Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro. Indica que os devanditos conxuntos de medidas permiten optar entre tres opcións:

- Ampliación do período de amortización a 20 anos e do de carencia en 2 más e redución do tipo de interese nos termos que fixa aquel Acordo.
- Ampliación do período de carencia en 1 ano máis, mantendo o inicial de amortización de 10 anos, e redución do tipo de interese nos termos que fixa aquel Acordo.
- Unha maior redución, respecto dos casos anteriores, do tipo de interese nos termos que fixa aquel Acordo, mantendo os iniciais períodos de amortización e de carencia, opción que é a elixida polo Concello de Silleda.

A Sra. López Arines pregunta si variarán os anos establecidos para o abono do préstamo derivado do Real-Decreto-lei 4/2012.

O Sr. Alcalde resposta que non hai modificación de prazo, mantense o mesmo prazo de 10 anos coa única diferencia da rebaixa no tipo de interés a pagar.

O Sr. Rodríguez da Torre pregunta si o novo tipo de interese entrará en vigor inmediatamente.

A Sra. Interventora resposta que entrará en vigor no segundo semestre do ano 2014.

**Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia:** de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, por unanimidade, acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

#### **1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES:**

- Acta da sesión ordinaria do 26 de setembro de 2013
- Acta da sesión extraordinaria do 12 de novembro de 2013
- Acta da sesión ordinaria do 28 de novembro de 2013
- Acta da sesión extraordinaria do 26 de decembro de 2013
- Acta da sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2014.
- Acta da sesión ordinaria do 27 de marzo de 2014.
- Acta da sesión extraordinaria do 30 de abril de 2014.

O Sr. Rodríguez da Torre dí que nas últimas sesións plenarias que se celebraron el preguntou en todas elas ao anterior Secretario porqué non se incluía na orde do día a aprobación das actas anteriores, xa que sempre se sometían ao coñecemento do pleno con moito retraso. Considera que non é normal traer sete actas ao pleno, desde a sesión do pasado mes de setembro, teñen pasado case 9 meses e é imposible lembrarse do que aconteceu daquela e non sabe se o contido das actas e correcto, polo que se vai a abstener na votación.

O Concello Pleno, por 6 votos a favor (6 membros do PSdeG-PSOE) e 7 abstencións (6 membros do PP e 1 do Grupo Mixto) acorda aprobar as actas das sesións

anteriores realizadas os días 26 de setembro de 2013, 12 de novembro de 2013, 28 de novembro de 2013, 26 de decembro de 2013, 30 de xaneiro de 2014, 27 de marzo de 2014 e 30 de abril de 2014.

## **URXENCIAS**

O Sr. Alcalde da lectura á proposta de urxencia de data 28 de maio de 2014, que literalmente di:

**"Acceso ás condicións financeiras das operacións de endebedamento subscritas con cargo ao mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das Entidades Locais aprobado na súa reunión do día 24 de abril de 2014 pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos**

*Vista a Resolución de 13 de maio de 2014, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, pola que se dá cumprimento ao Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, de 24 de abril de 2014, para a modificación de determinadas condicións financeiras das operacións de endebedamento subscritas con cargo ao mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais. (R.D-lei 4/2012, de 24 de febreiro) BOE 14/05/2014*

Propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o acceso ás condicións financeiras das operacións de endebedamento subscritas con cargo ao mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das Entidades Locais aprobado na súa reunión do día 24 de abril de 2014 pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, derivadas da Opción 3:

"Redución máxima do tipo de interese nuns 140 puntos básicos, mantendo os actuais períodos de amortización e carencia".

**SEGUNDO.-** Confirmación do plan de axuste existente, incluíndo entre as súas medidas, a aceptación das condicións e o compromiso da Corporación de adoptar as medidas seguintes:

1- A adhesión automática ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado de acordo co previsto na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

2- Adhesión automática á plataforma Emprende en 3 prevista no Acordo do Consello de Ministros para impulsar e axilizar os trámites para o inicio da actividade empresarial de 24 de maio de 2013.

3- Proceder á substitución inmediata de, polo menos, un 30% das vixentes autorizacións e licenzas de inicio de actividade económica por declaracións responsables, de acordo co previsto na Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, e elaborar un informe de avaliación das normas da entidade local que deben modificarse por resultar incompatibles coa Lei 20/2013, de 9 de decembro, de acordo coas directrices fixadas polo Consello para a unidade de mercado."

O Sr. Alcalde explica que o Concello de Silleda xa está a cumplir co compromiso 3ª, relativo á substitución das licenzas de actividade polas declaracíons responsables e, en canto ao requisito das facturas electrónicas xa é unha obriga imposta pola Lei 25/2013 que entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro polo que o único que vai supoñer este acordo é adiantar a data de implantación da entrada de factura electrónica. Polo que se refire á adhesión a Emprende en 3, é simplemente a adhesión a unha plataforma creada polo Ministerio que permitirá axilizar os trámites para a realización das comunicacíons previas en materia urbanística. Considera que este acordo so ten vantaxes para o Concello posto que permitirán reducir o tipo de interese do préstamo derivado do RD 4/2012 e polo tanto implicará un aforro para o Concello.

O Sr. Espiño Espantoso pregunta si a Sra. Interventora pode confirmar que as medidas explicadas polo Sr. Alcalde son correctas.

A Sra. Interventora explica que a medida elegida, correspondente á opción 3 efectivamente implicará a reducción do tipo de interese do préstamo, sin modificar nin o período de carencia, que é de dous anos, nin os anos de pago, 8 anos, que se computarán a partir do mes de agosto.

O Sr. Rodríguez da Torre pregunta porqué se efectuou esta rebaixa no tipo de interese.

A Sra. Interventora dí que é unha decisión do Ministerio e que probablemente sexa para que se equipare o tipo de interés derivado do RD-Lei 4/2012 aos tipos de interese derivados dos Reais Decretos-Lei 4/2013 e 8/2013, que foron máis baixos.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (6 membros do PSdeG-PSOE, 6 membros do PP e 1 do Grupo Mixto)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día (artigo 82.3 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais) e aprobar integralmente a proposta transcrita anteriormente, adoptando o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o acceso ás condicións financeiras das operacións de endebedamento subscritas con cargo ao mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das Entidades Locais aprobado na súa reunión do día 24 de abril de 2014 pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, derivadas da Opción 3:

"Redución máxima do tipo de interese nuns 140 puntos básicos, mantendo os actuais períodos de amortización e carencia".

**SEGUNDO.-** Confirmación do plan de axuste existente, incluíndo entre as súas medidas, a aceptación das condicións e o compromiso da Corporación de adoptar as medidas seguintes:

1- A adhesión automática ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado de acordo co previsto na Lei 25/2013, de 27 de

decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

2- Adhesión automática á plataforma Emprende en 3 prevista no Acordo do Consello de Ministros para impulsar e axilizar os trámites para o inicio da actividade empresarial de 24 de maio de 2013.

3- Proceder á substitución inmediata de, polo menos, un 30% das vixentes autorizacións e licenzas de inicio de actividade económica por declaracións responsables, de acordo co previsto na Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, e elaborar un informe de avaliación das normas da entidade local que deben modificarse por resultar incompatibles coa Lei 20/2013, de 9 de decembro, de acordo coas directrices fixadas polo Consello para a unidade de mercado.

## **2.- DAR CONTA DA RENUNCIA DE Dº JOSÉ LUIS ESPIÑO ESPANTOSO A DESIGNACIÓN COMO SUPLENTE DO GDR "TERRAS DO DEZA".**

Dase conta do escrito de D. José Luis Espiño Espantoso presentado en data 28 de marzo de 2014 (Núm. Rex. Entrada 1233) polo que renuncia expresamente a súa designación como suplente no GDR "Terras do Deza" por aplicación analógica do artigo 114.1 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais.

O Concello Pleno queda informado da sinalada renuncia.

## **3.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DE 2013.**

Dase conta da resolución de alcaldía de data 7 de maio de 2014, relativa á aprobación da liquidación do Orzamento Xeral de 2013, que é como segue:

### **"RESOLUCIÓN DE ALCALDIA DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN**

*Examinada a liquidacion do exercicio 2013, e liquidacion de exercicios pechado, cos seus documentos xustificativos.*

*Visto que con data 24 de abril de 2014, foi emitido informe de Intervención, de conformidade ea artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.*

*Visto que con data 25 de abril de 2014, emitiuse Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.*

*De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria.*

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2013, cuxas principais magnitudes son as que se detallan a continuación:

Dereitos recoñecidos netos .....	4.812.013,58
Obrigas recoñecidas netas .....	4.916.067,75
Resultado orzamentario .....	-104.054,17

<i>Desviacións de financiación positivas do exercicio...</i>	<i>101.486,72</i>
<i>Desviacións de financiación negativas do exercicio..</i>	<i>240.605,06</i>
<i>Resultado orzamentario axustado.....</i>	<i>35.064,17</i>
<i>Remanente de tesourería total.....</i>	<i>2.191.835,83</i>
<i>Exceso de financiamento afectado.....</i>	<i>40.000,00</i>
<i>Saldos de dubioso cobro .....</i>	<i>2.548.162,93</i>
<i>Remanente de tesourería para gastos xerais.....</i>	<i>-396.327,10</i>

**SEGUNDO.** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

**TERCEIRO.** Ordear a remisión de copia de dita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma.”

O Concello Pleno, queda informado da liquidación do Orzamento xeral correspondente ao exercizo 2013.

#### **4.- RATIFICACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE SILLEDA Á SECCIÓN DE CONCELLOS DE INTERESES TURÍSTICOS.**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Turismo, Educación, Participación cidadá, Deportes, Mocidade e Infancia realizada o día 23.05.14.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción da Proposta da Alcaldía do 15.04.14., relativa a adhesión á Sección de Concellos con Intereses Turísticos, creada na Federación Galega de Municipios e Provincias, que é como segue:

#### **"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

*Visto o escrito de data 20 de marzo de 2014 da Federación Galega de Municipios e Provincias, mediante o cal comunica que na súa xuntanza de 19 de marzo de 2014 acordou, ó ampara do artigo 52 dos Estatutos da Federación, e a petición dos concellos con intereses turísticos, reunidos na FEGAMP o pasado día 12 de marzo, crear unha Sección de Concellos con Intereses Turísticos, subdividida esta en tres grupos de traballo, que englobará a concellos declarados de interese turístico, concellos con festas de interese turístico e concellos con distintivos de calidade.*

*Vista a circular interpretativa sobre o desempeño de prazas de habilitados por accidentais, de data 29 de xaneiro de 2014, da Dirección Xeral de Administración Local que lle impide o Secretario accidental asistir as sesións dos órganos colexiados e dado que o prazo máximo de adhesión remata o día 15 de abril de 2014; e previa consulta cos grupos municipais da oposición, en base o previsto no artigo 21.1.K da Lei 7/1985, de Bases de Régimen Local,*

**RESOLVO:**

*1º.- Con carácter de urxencia adherirse á Sección de Concellos con Intereses Turísticos, creada na Federación Galega de Municipios e Provincias para a defensa*

*dos intereses dos Concellos afectados, desexando forma para da subsección de municipios con festas de interese turístico.*

*2º.- Ratificar este acordo na vindeira sesión que o Pleno da Corporación celebre."*

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (6 membros do PSdeG-PSOE, 6 membros do PP e 1 do Grupo Mixto)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda ratificar a adhesión do Concello de Silleda á Sección de Concellos con Intereses Turísticos, creada na Federación Galega de Municipios e Provincias.

#### **5.- MOCIÓN**

##### **5.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE INSTANDO O GOBIERNO DO ESTADO A RECONSIDERAR A APLICACIÓN DO TIPO XERAL DO IVE DO 21% AOS SERVIZOS DE PERRUQUERÍA, VOLVENDO Á APLICACIÓN DO TIPO REDUCIDO DO IVE DO 10%.**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Réxime interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural realizada o dia 22.05.14.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do grupo PSdeG-PSOE presentada en data 08.04.14, relativa á aplicación do tipo xeral do ive do 21% aos servizos de perruquería, que é como segue:

*"O Grupo Municipal Socialista do Concello de Silleda, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación a presente MOCIÓN, en base a seguinte:*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*As perruquerías son, habitualmente, pequenos negocios formados por un autónomo e un ou dous empregados, estando o 85% deles rexentados por mulleres. Este sector agrupaba en España, no ano 2011, a 48.000 salóns, nos que, de forma directa, traballaban unhas 120.000 persoas.*

*A crise económica, que desde 2008 afecta á economía do noso País, sitúa a esta actividade do sector servizos nun punto de extrema dificultade debido, sobre todo, á baixada da afluencia de clientes e, por tanto, ó menor número de servizos realizados.*

*Como consecuencia de esta situación, moitos salóns víronse abrigados nese momento a realizar importantes axustes no seu nivel de prezos e, en consecuencia, nos seus marxes, co fin de frear a importante caída de clientes e intentar, como tantos sectores, seguir co negocio mantendo os postos de traballo.*

*En setembro do 2012 entrou en vigor unha nova medida tributaria, adoptada polo Goberno, consistente en incrementar o IVE a abonar por estes servizos do 8% (vixente ata o 31 de agosto do 2012) ó 21%.*

*A importantísima subida de 13 puntos representou para estes salóns o seu afundimento definitivo. Os motivos son claros:*

*Os salóns que trasladaron a subida, viron desaparecer gran parte dos seus clientes, que non estaban dispostos a pagar un incremento tan desmesurado nas tarifas de prezos, nunha época onde toda a economía estivo e está a rebaixalos.*

*Os salóns que non trasladaron a subida, sufrieron fortes resultados negativos na súa recadación, véndose abrigados, en moitos casos, ó peche da actividade.*

*Dicir, a efectos aclaratorios, que o marxe medio de beneficio dun salón é inferior 013%.*

*As cifras xerais son moi preocupantes. Durante 2013 cerráronse mais de 8.000 salóns en España e perdérонse 20.000 postos de traballo. As previsións para o 2014 apuntan a una nova perda de 5.600 empresas e a outros 14.000 empregos directos. En dous anos, este sector reduciuse nun 28% co conseguinte impacto colateral en outros sectores (empresas de subministracións de produtos, aparatoloxía, mobiliario, etc.) Mentre tanto, recentemente (xaneiro 2014), o Goberno anunciou a rebaixa impositiva do 21% au 10% nas transaccións de obxectos de arte e anticipa unha rebaixa do IVE cultural, como medida para incentivar o seu consumo aludindo a que é moi importante para a economía española.*

*O noso entender, o sector da perruquería non só é relevante dende o punto de vista numérico, que o é e moito, senón tamén dende o punto de vista social. Forma parte do tecido empresarial do país, é un sector de pequenos empresarios e emprendedores que manteñen, todavia hoxe, un número importante de empregos e que ademais, é dos pouco sectores que están rexentados por mulleres na súa práctica totalidade.*

*Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Silleda somete á aprobación do Pleno municipal a seguinte proposta:*

*UNICA.- O Concello de Silleda insta ó Goberno do Estado a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% aos servizos de perruquería, volvendo á aplicación do tipo reducido do IVE do 10%.”*

Polo Sr. Alcalde explícase que o grupo mixto presentou unha moción moi similar sobre este mesmo tema, polo que propón que se debatan ambas mocións concxuntamente.

O Sr. Rodríguez da Torre sinala que ambas mocións son moi similares e explica brevemente o contido da moción presentada polo seu grupo. Indica que o IVE é un imposto que pagan todos os consumidores e tal e como está a situación económica a suba nas tarifas dun negocio coma as perruquerías implica unha clara baixada da

clientela, co prexuízo que isto comporta para os negocios, negocios que xa se están a manter a duras penas e con grande precariedade laboral.

O Sr. Espiño Espantoso dí que o seu grupo está a favor da moción, xa que non están conformes coa suba do 8% ao 21% sofrido por este tipo de negocios.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (6 membros do PSdeG-PSOE, 6 membros do PP e 1 do Grupo Mixto)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por unanimidade, aprobar integralmente a moción do grupo PSdeG-PSOE transcrita anteriormente, adoptando o seguinte acordo:

*UNICA.- O Concello de Silleda insta ó Goberno do Estado a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% aos servizos de perruquería, volvendo á aplicación do tipo reducido do IVE do 10%.”*

#### **5.2.- MOCIÓN DO BNG (GRUPO MIXTO) PARA DEMANDAR A REBAIXA DO 21% DE IVE QUE SE APLICA AO SECTOR DE SALÓNS DE PEITEADO.**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Réxime interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural realizada o dia 22.05.14.

A Presidencia dá conta da moción do grupo mixto presentada en data 10.04.14, relativa á demanda da rebaixa do tipo xeral do IVE do 21% aos servizos de perruquería, que é como segue:

*“Matías Rodríguez da Torre, Concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego acreditado no Concello de Silleda, presenta para o seu debate e acordo en sesión plenaria a seguinte **MOCIÓN PARA DEMANDARA REBAIXA DO 21% DE IVE QUE SE APLICA AO SECTOR DE SALÓNS DE PEITEADO***

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*O sector de perruquerías, entre outros, veuse prexudicado pola aplicación do Real decreto lei 20/2012, de 13 de xullo, acordado polo goberno do PP no Estado español, que modificou o seu carácter de sector beneficiado pola aplicación dun IVE reducido, pasando do 8% que se aplicaba até o desorbitado imposto do 21 %.*

*Este sector, de importante actividade económica, xera moitos postos de traballo e posúe un gran dinamismo. Nestes momentos o sector encóntrase lastrado non só polas consecuencias da profunda crise económica senón pola medida antisocial adoptada polo goberno do PP de incrementar o IVE abusivamente, unha medida que as persoas deste ámbito laboral padecen desde hai case dous anos.*

*O BNG xa presentara no Congreso dos Deputados unha iniciativa o 11 de setembro do ano 2012 para manifestar a súa oposición a aquel incremento brutal do IVE no referido aos salóns de peiteado e agora, neste mes de marzo, volvemos novamente a manifestar a nosa oposición a esta medida e a demandar do goberno do PP no Estado español a rebaixa do IVE. Facémolo tal como demanda o sector e as*

*traballadoras e traballadores que se ven afectadas por este drástico imposto e que están a manifestar nas rúas as súas protestas e a reivindicación de rebaixar o imposto do 21%.*

*A gravidade do feito está a provocar o peche de moitos establecementos, a perda de postos de traballo e a perda de clientes pola contención do consumo pola forte suba final do prezo nas perruquerías.*

*As nefastas consecuencias económicas dese aumento porcentual do 13% do IVE nesta actividade xa levaron a persoas afectadas pola medida a manifestaren o seu malestar en varias cidades como A Coruña, Vigo, Lugo ou Ourense, coa entrega de sinaturas nas delegacións da Axencia Tributaria en contra do 21% do IVE.*

*O sector, desde o primeiro momento, tomou a decisión de asumir o IVE sen repercutilo na clientela, unha decisión que finalmente tivo o efecto perverso de provocar o peche de centos de salóns de peiteado e estética, coa conseguinte eliminación de centos de postos de traballo, que afecta ademais a un sector formado na súa maioría por persoas autónomas.*

*Este feito provocou tamén o aumento exponencial da economía somerxida e aqueles que aplican o desmesurado IVE do 21% acaban tendo graves problemas económicos, mentres crecen os negócios ilegais de ámbito doméstico. En resumo, hai que cuestionar a pretendida recadación por IVE, xa que por unha banda pechan establecementos e pala outra medra a economía somerxida.*

*Segundo os datos do sector, o pasado 2013 pecharon 8.000 salóns de perruquería e estética no conxunto do Estado español, e as previsións indican para este ano preto de 6.000 negócios.*

*Para alén disto, as ameazas que desprende o informe de reforma fiscal do chamado comité de expertos auguran o intento de novas subas do IVE de até o 23%.*

*Tamén hai que lembrar que o IVE reducido neste sector comezou a aplicarse con carácter inicial experimental e temporal no ano 2000, tras modificar a lei do Imposto sobre o Valor Engadido e, despois de sucesivas prórrogas, rematou por se converter en definitiva no ano 2010.*

*Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

*1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a rebaixa do IVE do 21% que actualmente se aplica ao sector comercial dos salóns de peiteado, debido ás negativas consecuencias xeradas pola aplicación do Real decreto 20/2012, de 13 de xullo, que provocou o peche de miles de establecementos e a perda de miles de postos de traballo.*

*2. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.”*

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (6 membros do PSdeG-PSOE, 6 membros do PP e 1 do Grupo Mixto)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por unanimidade, aprobar integralmente a moción do BNG (Grupo mixto) transcrita anteriormente, adoptando o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado a rebaixa do IVE do 21% que actualmente se aplica ao sector comercial dos salóns de peiteado, debido ás negativas consecuencias xeradas pola aplicación do Real decreto 20/2012, de 13 de xullo, que provocou o peche de miles de establecementos e a perda de miles de postos de traballo.

**SEGUNDO:** Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia, presidente do goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galicia.

### **5.3.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO.**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Réxime interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural realizada o dia 22.05.14.

A Presidencia dá conta da moción do grupo mixto presentada en data 10.04.14, que é como segue:

*"Matías Rodríguez da Torre, Concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego acreditado no Concello de Silleda, presenta para o seu debate e acordo en sesión plenaria a seguinte **MOCIÓN GRATUIDADE LIBROS DE TEXTO***

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*O vindeiro curso 2014/2015, a LOMCE entrará en vigor en 1º, 3º e 5º de Primaria e 1º de Formación Profesional Básica, o que obrigará o estudiantado destes niveis a adquirir manuais adaptados aos novos decretos de ensinanzas mínimas. Isto, unido ao recorte do 40% do programa de financiamento de libros de texto e material escolar no ensino obligatorio respecto ao ano anterior, pode provocar que unha parte do alumnado non poida acceder aos manuais necesarios para seguir as clases con normalidade.*

*A CONFEDERACION ANPAS GALEGAS defende que non é un **problema de prioridades das familias**, como afirma o ministro de Educación cando se cuestionan os recortes nas axudas sociais á educación. É un problema de dereitos e, por tanto, é o titular de Educación quen debe ter como prioridade garantir ese derecho.*

*Como denuncia un recente informe do defensor del Pueblo, ("o Defensor del Pueblo entende que o carácter gratuito do ensino nos niveis educativos obligatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos e todas a estes estudos, e considera por iso que dito carácter gratuito debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que exixe medidas que fagan posíbel o acceso do alumnado aos mesmos sen ningún custo") o curso pasado xa se produciu unha diminución moi significativa de receptores das axudas para a compra de libros de texto, que*

*pasaron de tres a dous millóns de alumnos e alumnas. Así mesmo, houbo unha redución das contías, tanto das achegas do Estado español como na Galiza, cuxa suma pasou de 250 millóns a 166, un 35% menos que o ano anterior. Precisamente iso acontece cando máis urxente era que esas cantidades se incrementasen, dadas as necesidades das familias pola crise económica.*

*O dereito fundamental á educación exixe que se dean conxuntamente determinadas condicións -boa parte das cales están implícita ou explicitamente fixadas polo texto constitucional-, cuxa garantía de cumprimento corresponde aos poderes públicos. Ademais, para que todo isto sirva á súa finalidade, hai que situar o alumnado nunha posición real de igualdade no acceso e mantemento do seu dereito á educación.*

*Entendemos que o carácter gratuito do ensino nos niveis educativos obligatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos a tales estudos, e considera por iso que o devandito carácter gratuito debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que exixe medidas que fagan posibel o acceso de alumnos e alumnas a estes sen ningún custo.*

*Esta opinión foi avalada e compartida polo Consello Escolar do Estado, que no seu informe do curso 1998-1999 di: «A Constitución española é taxativa. A Educación básica é obligatoria e gratuita. Os libros de texto ou material didáctico que for preciso para impartir a educación básica e, por tanto, para garantir o dereito fundamental á Educación, terá que ser gratuito».*

*Polo exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal do Concello de Silleda a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

*Exixir á Xunta de Galiza:*

- 1. A volta ao sistema de préstamo universal.*
- 2. Que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público.*
- 3. Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.*
- 4. Que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE.”*

O Sr. Rodríguez da Torre explica o contido da moción, dí que o acceso aos libros de texto e material didáctico é inherente a unha educación pública e gratuita e así o poñen de manifesto os Estados que máis nivel de avances presentan en materia de educación pública. Considera que esta medida proposta na moción é demandada por todos os membros da comunidade educativa, profesores, ANPAS e alumnado. Explica que a moción o que pide é demandar da Xunta de Galicia unha serie de medidas básicas para un sistema de educación pública de calidade. Da lectura aos puntos de acordo recollidos na moción.

O Sr. Espiño Espantoso dí que o seu grupo está dacordo co contido da moción, xa que entenden que a educación é un derecho básico no que non se debería recortar en gastos; están a favor da gratuidade dos libros de texto e material escolar e, no

caso de que a gratuidade non sexa posible, que se estableza o prezo en función das rentas familiares.

O Sr. Alcalde dí que o seu grupo votará a favor da moción.

O Sr. Rodríguez da Torre hembra que a educación é un dereito obligatorio e gratuito e que os libros e demais material é inherente a este dereito, así o recolle a propia Constitución española e por iso debe defenderse a súa gratuidade.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (6 membros do PSdeG-PSOE, 6 membros do PP e 1 do Grupo Mixto)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por unanimidade, aprobar integralmente a moción do BNG (Grupo mixto) transcrita anteriormente, adoptando o seguinte acordo:

Esixir á Xunta de Galicia:

**PRIMEIRO:** A volta ao sistema de préstamo universal.

**SEGUNDO:** Que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público.

**TERCEIRO:** Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.

**CUARTO:** Que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE.

#### **5.4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA INSTAR Á CONSERVACIÓN DO PARTIDO XUDICIAL DO DEZA.**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Réxime interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural realizada o dia 22.05.14.

A Presidencia dá conta da proposta de Alcaldía de data 29 de abril de 204 , que é como segue:

#### **"PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA INSTAR Á CONSERVACIÓN DO PARTIDO XUDICIAL DO DEZA**

*O alcalde presidente do Concello de Silleda presenta á consideración do pleno a seguinte Proposición, instando a que a reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial garanta a conservación na comarca do Deza dos seus órganos xudiciais.*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O artigo 24 da Constitución consagra o dereito que teñen todas as persoas a obter a tutela xudicial efectiva dos xuíces e tribunais para a defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.*

*Pero o poder xudicial, ademais de garantir o respecto dos dereitos fundamentais de todos, debe mellorar a súa eficiencia e axilidade, o que redundará nun reforzamento da seguridade xurídica e na redución da litixiosidade. Acadar ámbolos dous obxectivos implica necesariamente achegar os servizos de xustiza á cidadanía.*

*A actual Lei Orgánica do Poder Xudicial foi aprobada en 1985 e ao longo destes praticamente 30 anos sufriu case 40 modificacións. Sen embargo, estas reformas parciais non conseguiron unha adaptación das estruturas da Xustiza á realidade económica, social e xurídica do século XXI.*

*O pasado 4 de abril o Ministro de Xustiza presentou ante o Consello de Ministros o anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial. O texto deste anteproxecto debe pasar agora os trámites de informe preceptivo que deben emitir o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Consello Fiscal e o Consello de Estado, sen prexuízo doutros ditames ou informes que o goberno pudera requirir. Con posterioridade, o texto, coas modificacións que o goberno considere incluír, será aprobado en Consello de Ministros e iniciarase o trámite parlamentario en Congreso e Senado.*

*É dicir, polo momento, estamos nunha fase completamente inicial, onde este texto pode experimentar cambios que enriquezan o seu contido.*

*Neste senso, dende o grupo de goberno do Concello de Silleda entendemos que a irrenunciable urxencia de acadar un mellor modelo de eficiencia nos servizos de xustiza ten que ser compatible coa cercanía destes mesmos servizos ao cidadán.*

*Baixo esta premisa, a reforma da L.O.P.X. debe ter en conta as características e peculiaridades de territorios e comarcas que, como o Partido Xudicial de Lalín, fan necesaria a existencia de órganos xudiciais competentes independentemente da súa denominación, so pena de derivar cara unha administración de xustiza más onerosa para o administrado.*

*Neste senso, a L.O.P.X. debe garantir que, á hora de deseñar a organización territorial xudicial, se establezan órganos xudiciais en lugares distintos das capitais de provincia, sempre baixo a consideración de determinados criterios que así o aconsellen: criterios tales como o volume de poboación existente (máis de 45.000 habitantes conviven nesta comarca), a carga de traballo dos órganos xudiciais actuais ou a distancia coa capital provincial (máis de 80 quilómetros dende a capital da comarca), ademais de que a comarca de Deza conta cun edificio xudicial en condicións óptimas e de recente creación, construído sobre terreos aportados polo Concello de Lalín, dos mellores que hai en Galicia, que actualmente ten operativas dúas salas e que pode ría ter unha máis en funcionamento.*

*Manter na comarca de Deza os actuais órganos xudiciais e os Xulgados de Paz contribuirá a manter o reequilibrio territorial na zona e no interior de Galicia ao manter servizos aos cidadáns dunha ampla zona rural e a fixar a poboación vencellada directa e indirectamente ao exercicio das labores xudiciais como funcionarios, avogados, procuradores, peritos, etc.*

*Pola súa particular idiosincrasia e carácter emprendedor, o Partido Xudicial de Lalín presenta un importante dinamismo empresarial o que xenera en paralelo unha considerable actividad e xudicial, moi superior en litixiosidade a de zonas más rurais que ánda contando cunha poboación semellante ten menos actividade. Esta*

actividade xudicial venceliada ao dinamismo empresarial conleva a indispensabilidade duns servizos xudiciais próximos e accesibles a esta destacada masa de actividade emprendedora.

Por todas estas razóns, o Concello de Silleda somete á consideración do Pleno a adopción da seguinte

**PROPOSICIÓN:**

1.- Instar ao Goberno do Estado para que o texto de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial garanta a existencia de órganos xudiciais en territorios distintos ás capitais de provincia, sempre tendo en conta determinados criterios obxectivos, como o volume de poboación, a carga de traballo dos órganos xudiciais existentes ou a distancia coa sede provincial, xa indicados e que se dan na comarca de Deza.

2.- En base aos criterios anteditos, demandar ante o Goberno do Estado que o Partido Xudicial de Lalín conserve os seus actuais órganos administradores de xustiza.

3.- Instar ao Goberno do Estado a que os concellos da comarca de Deza conserven os seus Xulgados de Paz.

4.- Defender a organización territorial xudicial.

5.- Dar traslado desta proposición á Xunta de Galicia, ao Colexio Provincial de Avogados e Procuradores de Pontevedra e ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

6.-Dirixirse aos colectivos representativos da comarca de Deza para recabar o seu apoio a esta moción, nominalmente aos de avogados, procuradores, Asociación de empresarios, de comerciantes, etc.”

Polo Sr. Alcalde explícase que o grupo mixto presentou unha moción moi similar sobre o Anteproyecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial, polo que propón que se debatan ambas mocións conviutamente.

O Sr. Alcalde explica que no día de hoxe houbo unha reunión no Concello de Lalín á que asistiu o decano do Colexio de Avogados de Pontevedra e se lles facilitou un informe, emitido en data 28 de abril de 2014 polo Colexio Provincial de Avogados cuxas conclusións son as seguintes:

*“A modo de resumo, manifestamos a nosa oposición frontal ás propostas de modificación da demarcación xudicial na provincia de Pontevedra que se derivan do anteproyecto da LOPX, polas seguintes resumidas razóns:*

1.- Defendemos o modelo actual e a súa demarcación xudicial.

2.- Rexeitamos a supresión dos partidos xudiciais.

3.- Defendemos a ampliación de servizos para todos os partidos xudiciais da provincia.

*4.- Opoñémonos frontalmente á proposta de división da provincia en norte e sur e propoñemos a reagrupación de todas as seccións da Audiencia Provincial na capital da provincia.*

*5.- Rexeitamos a proposta do Anteproyecto do Ministerio de Xustiza.*

*6.- Reclamamos unha reforma en profundidade da Administración de Xustiza, sobre todo, dos procesos xudiciais, do acceso dos cidadáns á xustiza e a supresión das taxas xudiciais, así como a imposición de costas con carácter obxectivo.*

*7.- Propoñemos a fusión dos xulgados nos tribunais de instancia en cada partido xudicial.*

*8.- Rexeitamos a supresión das Audiencias Provinciais e propoñemos a súa potenciación.*

*En definitiva, a revisión do mapa xudicial non pode ser realizada de espaldas á ciudadanía e en prexuizo dos criterios de eficacía, inmediación e igualdade, descentralización e desconcentración que deben informar a máis elemental definición de Xustiza.”*

O Sr. Alcalde indica que as conclusións que figuran no sinalado informe veñen a dar a razón á petición que figura na proposta de Alcaldía que agora se somete a debate. Pide que o Sr. Rodríguez da Torre explique si está conforme con consensuar esta proposta ou si mantén a moción presentada polo seu grupo.

O Sr. Rodríguez da Torre dí que non ten problema en consensuar o acordo si ben cree que ao texto lle falta algo como é facer fincapé na descentralización. Indica que o Partido Popular pretende reducir os servizos básicos da ciudadanía, entre eles a xustiza, mantendo os mesmos impostos. Cree que o documento que se somete ao Pleno debería enriquecerse para poder ser consensuado.

O Sr. Presidente explica que a proposta foi consensuada entre varios Concellos e o seu compromiso foi someter a Pleno a proposta tal cual está presentada, si ben non habería inconveniente en engadir un novo punto á moción do BNG para poder cegar a un consenso.

O Sr. Espiño Espantoso dí que o seu grupo apoiará a proposta presentada posto que están dacordo co seu contido.

O Sr. Rodríguez da Torre non ve problema en completar a proposta consensuada entre os diferentes Concellos. Cree que a descentralización é inherente á figura dos partidos xudiciais, que teñen por obxecto fazer fronte á dispersión poboacional e acercar a xustiza a todos os núcleos, algo esencial que parece ser olvidado no anteproyecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial por eso cree necesario facer referencia expresa a este extremo e non entende que unha proposta consensuada por varios Concellos non o contemple.

## **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (6 membros do PSdeG-PSOE, 6 membros do PP e 1 do Grupo Mixto)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por unanimidade, aprobar integralmente a proposta de alcaldía transcrita anteriormente, adoptando o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.**- Instar ao Goberno do Estado para que o texto de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial garanta a existencia de órganos xudiciais en territorios distintos ás capitais de provincia, sempre tendo en conta determinados criterios obxectivos, como o volume de poboación, a carga de traballo dos órganos xudiciais existentes ou a distancia coa sede provincial, xa indicados e que se dan na comarca de Deza.

**SEGUNDO.**- En base aos criterios anteditos, demandar ante o Goberno do Estado que o Partido Xudicial de Lalín conserve os seus actuais órganos administradores de xustiza.

**TERCEIRO.**- Instar ao Goberno do Estado a que os concellos da comarca de Deza conserven os seus Xulgados de Paz.

**CUARTO.**- Defender a organización territorial xudicial.

**QUINTO.**- Dar traslado desta proposición á Xunta de Galicia, ao Colexio Provincial de Avogados e Procuradores de Pontevedra e ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

**SEXTO.**-Dirixirse aos colectivos representativos da comarca de Deza para recabar o seu apoio a esta moción, nominalmente aos de avogados, procuradores, Asociación de empresarios, de comerciantes, etc.

#### **5.5.- MOCIÓN DO BNG PARA SOLICITAR A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL.**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Réxime interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural realizada o dia 22.05.14.

A Presidencia dá conta da moción do grupo mixto presentada en data 29.04.14, que é como segue:

**"MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO ACREDITADO DO BNG NO CONCELLO DE SILLEDA , PRESENTA PARA O SEU DEBATE E ACORDO A SEGUINTE MOCIÓN A PARA SOLICITAR A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Anteproxecto de lei de reforma do poder xudicial que vén de ser difundido polo Goberno central reforza o proceso recentralizador emprendido polo Partido Popular, ao apostar por unha reestruturación dos órganos xudiciais que non ten en conta a diversa realidade territorial, senón que se inspira nunha uniformización da planta xudicial que irá en detrimento dun servizo de xustiza de proximidade á cidadanía.*

*O sistema proposto decántase por un modelo provincial, que faría desaparecer todos os partidos xudiciais de ámbito inferior para concentrálos en tribunais de instancia provinciais. Así, en liña coa reforma da administración local, o Goberno do Estado español empéñase en reforzar as provincias, cando se trata dunha realidade*

*territorial superada polos cambios demográficos e institucionais nas últimas décadas, para alén de ser un marco territorial e competencial alleo á realidade social e territorial da Galiza.*

*Esta concepción centralista do anteproxecto de lei pon de manifesto, máis unha vez más, que a capacidade e competencia para deseñar o marco territorial da xustiza na Galiza deberá ser transferida ao Goberno galego para poder realizar un deseño adaptado á realidade social, demográfica e territorial da nasa nación. No caso da Galiza podería realizarse consonte o disposto no artigo 20.2º do EAG, tendo en conta, ademais, que a dotación dos medios humanos e materiais para o funcionamento dos órganos xudiciais se afronta cos orzamentos da administración galega.*

*Este anteproxecto de lei xerou alarma entre as/as profesionais do ámbito da xustiza, alcaldías, e na cidadanía en xeral porque o Goberno, lonxe de proceder a deseñar unha actualización das demarcacións xudiciais, para adaptalas ás mudanzas demográficas, o que fai é reducillas a unha única na capital de provincia. De aplicarse unha reforma nesta liña as consecuencias serían moi prexudiciais para a cidadanía: afastamento da xustiza, encarecimiento e inaccesibilidade a un servizo público básico. Lonxe de rectificar, o Goberno español pretende afondar en impedir áinda máis o acceso á xustiza, un proceso que comezou coa implantación de taxas xudiciais regresivas.*

*De ir adiante esta proposta, cidades do tamaño e as características de Vigo, Ferrol ou Santiago de Compostela, así como concellos de dimensións relevantes que son cabeceiras de comarca veríanse privadas de contar cun partido xudicial, o que provocaría un auténtico caos e empeoraría o servizo á cidadanía. A xustiza encareceríase, sería menos accesíbel, e obligará a cidadanía a continuos traslados a capitais de provincia coas consecuentes perdas de tempo, desembolsos económicos e demais trastornos.*

*O BNG é contrario a unha reforma desta envergadura porque empeoraría a xustiza na Galicia cando é evidente que o camiño non é o da redución de xulgados. De feito, no territorio galego precisárianse máis xulgados, mesmo unha revisión da demarcación da planta xudicial que leña en conta os cambios demográficos habidos nas últimas décadas para que, ademais de mantérense os xulgados nas cabeceiras de comarca existentes, se implanten sobre todo novos xulgados en cidades e vilas que experimentaron aumentos poboacionais significativos, e para se reforcen alí onde se detectaren deficiencias. Ao mesmo tempo, este anteproxecto tampouco resolve as disfuncións do actual sistema xudicial e a súa falta de adecuación á nova tipoloxía dos litixios.*

## ACORDO

### 1. Dirixirse ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle:

1. A retirada do Anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial aprobado polo Consello de Ministros que inclúe unha organización xudicial baseada na existencia dun único tribunal de instancia de ámbito provincial.

1. O impulso dunha reforma en profundidade da organización da administración de xustiza, que implique a transferencia a Galiza da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación e planta

xudicial, e permita acometer unha revisión que asegure o mantemento de partidos xudiciais nas cidades e os municipios de maior poboación e aqueles que sexan cabeceiras de comarca.

**2. Dirixirse ao Goberno Galego a fin de reclamarlle:**

*1. Que manifeste a súa rotunda oposición á implantación dos tribunais de instancia provinciais, á supresión dos partidos xudiciais nas vilas que son cabeceiras de comarca e que demande do Goberno do Estado español a súa retirada do Anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial.*

*1. Que inicie os trámites para a solicitude, consonte o disposto no artigo 20.2 do EAG, das competencias para demarcación e organización xudicial na Galiza.*

*1. Que se cree un grupo de traballo para a definición dun modelo adecuado ás particularidades sociais, territoriais e demográficas da Galiza que conte con representación dos grupos parlamentares, dos concellos, das organizacións representativas de todos os operadores xudiciais que sirva como base para a negociación*

*co Goberno do Estado español e que, cando menos, teña en conta os seguintes criterios: o respecto ao dereito á tutela xudicial, o acceso universal á xustiza, o achegamento da xustiza á cidadanía, todo iso con base nun modelo xudicial flexíbel, con criterios de funcionalidade e non orgánicos.”*

**VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 7 (6 membros do PSdeG-PSOE e 1 do Grupo Mixto)

**Abstencións:** 6 (6 membros do PP)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioria de votos a favor acorda aprobar integralmente a moción do grupo mixto transcrita anteriormente, adoptando o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Dirixirse ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle:

1. A retirada do Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial aprobado polo Consello de Ministros que inclúe unha organización xudicial baseada na existencia dun único tribunal de instancia de ámbito provincial.

2. O impulso dunha reforma en profundidade da organización da administración de xustiza, que implique a transferencia a Galicia da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación e planta xudicial, e permita acometer unha revisión que asegure o mantemento de partidos xudiciais nas cidades e os municipios de maior poboación e aqueles que sexan cabeceiras de comarca.

**SEGUNDO.** Dirixirse ao Goberno Galego a fin de reclamarlle:

1. Que manifeste a súa rotunda oposición á implantación dos tribunais de instancia provinciais, á supresión dos partidos xudiciais nas vilas que son cabeceiras de comarca e

que demande do Goberno do Estado español a súa retirada do Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial.

2. Que inicie os trámites para a solicitude, consonte o disposto no artigo 20.2 do EAG, das competencias para demarcación e organización xudicial na Galiza.

3. Que se cree un grupo de traballo para a definición dun modelo adecuado ás particularidades sociais, territoriais e demográficas da Galicia que conte con representación dos grupos parlamentares, dos concellos, das organizacións representativas de todos os operadores xudiciais que sirva como base para a negociación

co Goberno do Estado español e que, cando menos, teña en conta os seguintes criterios: o respecto ao dereito á tutela xudicial, o acceso universal á xustiza, o achegamento da xustiza á cidadanía, todo iso con base nun modelo xudicial flexible, con criterios de funcionalidade e non orgánicos.

## **5.6.- MOCIÓN DO BNG PARA DENUNCIAR O ATRASO NA TRAMITACIÓN DE NOVAS AXUDAS RISGA.**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Réxime interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural realizada o dia 22.05.14.

A Presidencia dá conta da moción do grupo mixto presentada en data 16.05.14, que é como segue:

**"MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO DO GRUPO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA PARA O SEU DEBATE E ACORDO PLENARIO A SEGUINTE MOCIÓN PARA DENUNCIAR O ATRASO NA TRAMITACIÓN DE NOVAS AXUDAS RISGA**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No último informe remitido polo valedor do Pobo ao Parlamento galego podemos ler o seguinte: "Este ano, como os inmediatamente anteriores, produciuse un aumento nas solicitudes de axudas sociais ante situacións de necesidade, como son as Rendas de Integración Social de Galicia ou as Axudas de Emerxencia Social. Tamén medrou o número de queixas en relación con elas, sobre todo por denegacións que se considerabaninxustificadas ou por atrasos nas resolucións deses procedementos, que pola súa proia natureza deben resolverse con urxencia."

Nesta liña, son varios os concellos e tamén as persoas que denunciaron os atrasos de máis de sete ou oito meses de retrasos e incumplimentos nas tramitacións da RISGA e da AES. Cómpre lembrar que a Lei de Inclusión de Galiza recolle o seguinte:

"Artigo 37. Resolución

1. Unha vez finalizada a instrución do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde

*a entrada da solicitude da RISGA en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver."*

*No recente informe de Cáritas española podemos comprobar como os datos a pobreza ofrecen un panorama desolador, sobre todo na Galiza. O informe sinala que na Galiza a pobreza infantil pasou dun 16,9% en 2007 a un 22,2% en 2012. Asemade, indica que 30.000 fogares non reciben ningún tipo de ingresos, e son xa unhas 465.000 persoas as que viven na Galiza baixo o límite da pobreza.*

*Á luz destes datos, e dado que estas axudas para poder facer frente a situacóns de extrema necesidade e pobreza teñen urxencia para as persoas demandantes, consideramos urxente o que se cumpra a Lei de Inclusión social de Galiza e que se poñan en marcha de inmediato de maneira urxente a tramitación das axudas da RISGA, para o que se deben cumplir os prazos que se establecen a este respecto. Por outra banda, este incremento de persoas en exclusión social, consecuencia das erráticas políticas económicas aplicadas durante as crise, converten en papel mollado os progañísticos anuncios da Xunta relativos ao incremento da dotación na RISGA para 2014, de apenas 7 millóns de euros, cando para o pagamento da débeda se consignaron sete veces máis (53 millóns de euros), e demostran a necesidade de chegar máis fondos públicos para as solicitudes se resolvieren en prazo e para non incorrer en demoras inxustificábeis.*

*Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*1. Instar á Xunta de Galiza a cumplir coa Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión social de Galiza que, no seu artigo 37, recolle como prazo para a resolución dunha solicitude de RISGA dous meses.*

*2. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social."*

O Sr. Rodríguez da Torre explica o contido da moción. Indica que non hai dúbida do alto porcentaje de pobreza existente no Estado español, sinala que hai uns trinta mil fogares sin ningún tipo de ingreso e unha porcentaxe altísima de pobreza infantil en Galicia. Explica que a tramitación das axudas de emergencia social funciona cun gran retraso o cal implica que o goberno está a xogar coa miseria da cidadanía, cando é obriga de todo goberno eliminar a pobreza e garantir o benestar da población. Recalca os puntos de acordo recollidos na moción. Continúa dicindo que as axudas do RISGA, moitas das cales non chegan aos 400 euros, manteñen a familias de 4 e 5 membros, polo que cree que é un tema moi sensible no que non se poden admitir retrasos.

O Sr. Espiño Espantoso recoñece que a propia Consellería admitiu que hai retraso na tramitación das axudas de emergencia social pero o que non se pode afirmar é que sexa algo que a Administración está a facer deliberadamente. Cree que o retraso debe solucionarse pero tamén hai que ter en conta que é debido a diferentes factores, incluído o feito de que non todas as persoas que perciben estas axudas cumplen os requisitos para elo. Indica que hoxe mesmo se aprobou polo Consello da Xunta unha nova medida dirixida a perceptores do RISGA, para incentivar contratos no ámbito municipal.

A Sra. García Troitiño dí que está deacordo co contido da moción, sinala que en Silleda cada día hai máis familias que solicitan o RISGA e hai xente que ten que

esperar ata nove meses a que chegue a resolución, o cal é moiísimo tempo, dada a situación de emergencia destas persoas. Indica que o período de espera compútase desde que a solicitude ten entrada no rexistro da Xunta de Galicia.

O Sr. Alcalde indica que si se ten coñecemento po parte do grupo do PP de que hai xente percibindo axudas de emergencia social cando non están necesitados debe poñelo en coñecemento inmediato da Alcaldía ou dos Servizos Sociais municipais.

O Sr. Espiño Espantoso dí que hai xente que usa a picaresca para enganar ás asistentas sociais.

A Sra. García Troitiño sinala que todas as axudas deste tipo que se conceden polo Concello se fan en base aos informes das traballadoras sociais e, de feito, tamén hai casos en que se deixan de dar estas axudas porque así o dispoñen os informes sociais.

O Sr. Rodríguez da Torre dí que desgraciadamente hai xente que negocia coa miseria humana e tamén o propio goberno incentiva que cada vez haxa máis ricos e más pobres, en nivel intermedio. Indica que os gobernos teñen a obriga de non empobrecer á sociedade e o actual goberno o que está a facer é todo o contrario. Cree que a política social implica tomar medidas, moverse e engrandecer as partidas para políticas sociais. Repite que non se pode negociar coa miseria.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (6 membros do PSdeG-PSOE, 6 membros do PP e 1 do Grupo Mixto)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por unanimidade, aprobar integralmente moción transcrita anteriormente, adoptando o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Instar á Xunta de Galiza a cumplir coa Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión social de Galiza que, no seu artigo 37, recolle como prazo para a resolución dunha solicitude de RISGA dous meses.

**SEGUNDO.** Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social.

#### **6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2014.**

O Concello Pleno, queda informado das resoluciós da Alcaldía, dictadas durante os meses de marzo e abril de 2014.

#### **7.- ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **Rogos e preguntas do Sr. Espiño Espantoso:**

1.- En relación ao tema do arquitecto asesor que saiu na prensa ¿Porqué non está a traballar no departamento de urbaniso?¿En qué condicións foi readmitido a traballar?

- 2.- ¿Cómo está o problema de luz en Carboeiro?
- 3.- Respecto aos parque públicos de Silleda e Bandeira, existen queixas por parte dos cidadáns polo seu estado, especialmente polas condicións do chan e pola necesidade de valado, papeleiras e bancos ¿Estanse a adoptar medidas ao respecto?
- 4.- ¿Qué ocurre cos lomos de burro da Bandeira?
- 5.- Pide que se explique o acontecido co peche da rúa Pontevedra.
- 6.- Pon de manifesto a necesidade de acondicionar o tramo do camino de Santiago no lugar de Cuíña, parroquia de Piñeiro.
- 7.-¿Cómo está o tema da escola de música?
- 8.- ¿Firmouse o concencio coa Semana Verde polo tema do auditorio?
- 9.- ¿Hai algúun avance no tema da revisión das facturas eléctricas?
- 10.- ¿A quien lle corresponde o mantemento dos CEIP?
- 11.- Sinala que parece que os contenedores sitos na rúa Castrelo non se están a recoller ¿Pode dar unha explicación ao respecto?
- 12.- ¿Qué ocurre co campo de fútbol de Silleda?

#### **Rogos e preguntas do Sr. Rodríguez da Torre**

- 1.- Indica que este mes está a chegar o recibo do lixo coa suba correspondente, suba que non se fixo de forma progresiva ¿Qué foi das novas medidas que se dixo se ían adoptar no rural?¿O Concello ten opción de adherirse á futura planta de compostaxe de Pontevedra e comarca?
  - 2.- ¿Qué criterio hai para o bacheo neste Concello, xeográfico, por número de habitantes ou cal?
  - 3.- ¿Qué tipo de contrato ten agora mesmo o arquitecto Lino Doporto?¿Porqué está traballando nunha especie de recibidor e non no departamento de urbanismo?
  - 4.- En relación a un decreto de alcaldía que fala da renuncia a unha subvención de camiños en Bandeira, Escuadro e Bazar ¿Porqué se fixo tal decreto, qué camiños son?
- O Sr. Alcalde resposta que se trataba dun plan bianual pero, debido ao retraso na publicación das axudas non era posible cumplir o prazo de dous anos, polo que se solicitou a realización de todas as actuacións neste ano.
- 5.- ¿Cómo están as negociacións coa Semana Verde e a negociación da débeda?.

#### **Respostas do Sr. Presidente.**

Polo Presidente lémbrase que quedara unha pregunta do grupo mixto pendente no pleno pasado, relativa a cal era a diferenza de gastos co cambio de compañía telefónica. Sinala que os gastos nos últimos anos foron os seguintes: No ano 2012, con Telefónica gastáronse 39.968,44 euros, no ano 2013 coa compañía R gastáronse 27.498,27 euros, polo que houbo un aforro de 12.470 euros. Polo que se refiere ao 2014, en catro meses lévanse pagados 9.000 euros.

#### **Respostas do Sr. Presidente ás preguntas do Sr. Espiño Espantoso.**

1.- O arquitecto foi readmitido por sentencia xudicial coma persoal laboral do Concello. Está a prepararse unha nova ubicación para él e de feito hoxe mesmo estiveron os informáticos habilitándolle unha nova ubicación. Realizará as mesmas funcións e nas mesmas condicións que figuraban no contrato administrativo que tiña anteriormente.

2.- Seguimos loitanto por conseguir a luz en Carboeiro.

3.- Levamos unha protesta formal ante a Deputación Provincial por ser a responsable de tales instalación infantís. Por agora a mellor opción en canto ao chan dos parques é a herba, as demáis opción tiñan peores consecuencias para os rapaces coma era o caso do césped artificial ou o tépez que ten peor mantemento de cara ao futuro.

Indica que hai un presuposto máis ou menos igual para os dous parques e que as medidas a adoptar consensúronse polos técnicos que interviñeron no proxecto, téndose tamén en conta as peticións dos pais.

Sinala que xa se sembró a herba e hai que pedir aos vecinos paciencia ata que se forme o campo cando creza a herba. En Bandeira falta un columpio poque houbo un erro no proxecto e non se incluiu, pero vaise a instalar en breve. Tamén se vai a recortar parte do piso arredor das árbores para que os carballos non sufran.

4.- Os lomos de burro de Bandeira están incluídos no Plan da Deputación Provincial deste ano e o demáis destinárase a arranxos no rural.

5.- O peche da rúa Pontevedra conta con informe técnico que se pode obter no Departamento de Urbanismo se estiveran interesados en velo, segundo o informe o peche é legal. Explica brevemente o que aconteceu coa propiedade e coa licenza outorgada ao respecto.

6.- Botarémoslle un vistazo o tramo indicado do Camiño de Santiago.

7.- Respecto a Escola de Música as xestións están paradas como consecuencia de que o Concello carece de titulares nos postos de Secretaría e Intervención, as habilitadas actuais están en acumulación e cun día á semana que veñen ao Concello non poden solucionar o tema. O mesmo acontece co convenio coa Semana Verde.

9.- En canto ás facturas eléctricas indica que a Interventora hoxe mesmo estivo falando co electricista do tema e xa se está a tramitar a revisión das facturas en relación ao cobro da enerxía reactiva.

10.- O mantemento dos CEIP o asume o Concello si ben coa nova Lei 27/2013 non está claro si segue a ser competencia municipal.

11.- O Sr. Luis Rodríguez Vázquez sinala, en relación aos contenedores da rúa Castrelo, que están a traballar no tema para darle unha solución inmediata.

12.- O Sr. Brey Montaña explica en relación ao campo de fútbol que se está a valorar o darle unha capa de caucho e está a negociarse coa Deputación Provincial para que colabore no tema porque os medios do Concello son moi limitados.

**Respostas do Sr. Presidente ás preguntas do Sr. Rodríguez da Torre.**

1.- En relación ao lixo, o Concello trouxo a Pleno a adhesión ao convenio da Deputación pero foi retirado porque tiña informe desfavorable de Intervención, estamos á espera de que tome posesión o/a novo/a Interventor/a para estudiar as diversas opción para prestar o servizo de recollida de lixo.

2.- O Sr. Brey Montaña explica que para realizar os bacheos se sigue unha orde por parroquias, si ben cando hai algúun camino intransitable ou nunha situación especialmente grave, dáselle prioridade.

4.- Explica asimismo que os camiños incluidos foron: Do principio de Bazar ata o camino de San Caetano, Outeiro en Escuadro e desde o centro médico á Carballeira da Empanada en Bandeira.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente da por rematada a sesión, cando son as vinteunha horas e vinte minutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

Vº. e Prace

O ALCALDE-PRESIDENTE



A SECRETARIA,



